



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

12 FEB. 2024 15:25:07

Entrada **11318**

Pregunta sobre a compensación aos concellos afectados polo fechamento das centrais térmicas

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á preservación do principio de suficiencia financeira das entidades locais afectadas polo fechamento de centrais térmicas de carbón.**

O borrador inicial do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-2030 (PNIEC), que establece obxectivos, políticas e medidas para, segundo o Goberno do Estado, alcanzar a neutralidade climática antes de 2050, iniciou o período de consulta pública o 22 de febreiro de 2019, data na que tamén se presentou na Comisión Europea para a súa avaliación, organismo que publicou as súas recomendacións en xuño do mesmo ano.

Para o chamado Escenario Obxectivo 2030, o citado documento establecía unha evolución da potencia instalada para a xeración de electricidade mediante carbón que partía dos 11.311MW de 2015, 10.524MW de 2020, 4.532MW de 2025, ata os 0MW para 2030 (en realidade, para o devandito ano figuraba un intervalo 0-1.300MW, aínda que o último dato non se consideraba no cómputo total), evolución que intensificou a súa previsión decrecente na versión final resultado do Acordo do Consello de Ministros do 16 de marzo de 2021 e recolleito na Resolución do 25 de marzo de 2021, conxunta da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e da Oficina Española de Cambio Climático, publicada no BOE do 31 de marzo de 2021, fixando un obxectivo para 2025 de 2.165MW, case coincidente cos 2.061MW actuais.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

12 FEB. 2024 15:25:07

Entrada **11318**



No citado texto faise referencia á “perda substancial do peso do carbón na xeración eléctrica no período do Plan”, e afirmase que “Nove das quince centrais térmicas de carbón existentes na actualidade (2019) non estarán posibelmente operativas ao comezo do Plan en 2021(...). É dicir, prevese que ao comezo do Plan sigan activas seis centrais de carbón”. Os datos publicados por REE indican unha redución porcentual á terceira parte, do 9,6% ao 2,8%, na potencia instalada de centrais térmicas de carbón a respecto do total estatal entre o 2018 e o 2023, mentres que en referencia ao total da xeración eléctrica no mesmo período temporal, a achega do carbón reduciuse á décima parte, do 14,3% ao 1,5%, con apenas tres centrais termoeléctricas en 2024, dous en Asturias propiedade de EDP (en proceso de conversión a hidróxeno) e unha de Endesa nas Illes Balears (con limitación en horas de funcionamento anual), que representan o 1,7% da potencia instalada e achegan ao mix de xeración eléctrica algo menos do 1%.

Tamén no documento achéganse as causas do fechamento das centrais de carbón, ao afirmar que “antes de 2030 as centrais térmicas de carbón deixarán de ser competitivas dado o aumento previsto no prezo da tonelada de CO2 no sistema europeo de comercio de emisións (35 €/t -24,84 €/t medio anual 2019, non 2023 83,50 €/t, con máximos mensuais 91,82 €/t en febreiro de 2023-), a continua redución de custos nas tecnoloxías renovábeis para a xeración eléctrica e o prezo relativo do gas”. É evidente, por tanto, que as causas que motivaron e derivaron no fechamento anticipado, non planificado e caótico, son de orixe política, deseñadas -directa ou indirectamente- e aplicadas desde o Estado.

E as súas consecuencias e efectos socioeconómicos e laborais negativos nas zonas de Andalucía, Aragón, Asturias, Castela e León, Castela-A Mancha, Catalunya, Euskadi, Galiza, e Illes Balears con centrais térmicas, tamén eran previsíbeis, como recoñece o PNIIEC ao establecer que “En todo caso, a transición no sector terá que ir acompañada de medidas de apoio ás comarcas afectadas para asegurar que o proceso se desenvolve de forma xusta e solidaria”.



Ante a non dispoñibilidade dun estudo global de tales efectos e polo coñecemento directo do territorio, citamos algunhas das conclusións do estudo sobre o “Impacto Socioeconómico nas Pontes da Descarbonización Enerxética”, elaborado para o Concello das Pontes en marzo de 2021 por un equipo de investigación da Universidade da Coruña. Para as persoas investigadoras, en termos de emprego, o fechamento da central térmica significa a perda de 1.178 postos de traballo ocupados por residentes no municipio (en cifras de 2018, últimos datos estatísticos dispoñíbeis no momento de elaboración do estudo, e coetáneo co informe de impacto de Endesa), aos que deberían de sumarse 299 do resto da zona de influencia, cun resultado total de 1.477; detalla o estudo que apenas un 33% da poboación activa residente conservaría o seu emprego na localidade, un 34% pasarían a atoparse sen emprego, e o restante 33% estarían a traballar fóra da localidade, cun 285% de aumento do paro rexistrado local. Tal perda de emprego significaría a perda de 67 millóns de euros anuais en termos de Valor Engadido Bruto, dos que 34 millóns serían en concepto de perdas salariais e outros 33 millóns en rendas da propiedade e da empresa.

Con respecto á perda de ingresos municipais derivados do fechamento, son dous os conceptos cuantitativamente máis importantes, en concreto os derivados da aplicación dos impostos de Actividades Económicas (IAE) e dos Bens Inmóbeis Urbanos de Características Especiais (IBI-BICES). Acudindo de novo aos datos das Pontes como referencia, nun recente informe técnico da área económica municipal cuantifícase nunha 670.000 €/ano (42% do concepto impositivo) a diminución en concepto de ingresos polo primeiro, e nuns 2 millóns (27%) anuais para o segundo. No caso do IAE a diminución pode ser gradual e intermitente, dependendo das características técnicas da central e da estratexia empresarial da propietaria (no caso das Pontes, a metade da perda prodúcese desde o 2021, mentres que a outra metade repártese entre o 2022 e parte do 2023).

Situación diferente é a do IBI, imposto cuxo censo analítico é un rexistro administrativo, o Catastro Inmobiliario -regulado polo Real Decreto Lexislativo



1/2004-, no que se describen os bens inmóbeis rústicos, urbanos e de características especiais, que comprende as súas características físicas, económicas e xurídicas, entre as que se atopan a localización e a referencia catastral, a superficie, o uso ou destino, a clase de cultivo ou aproveitamento, a calidade das construcións, a representación gráfica, o valor catastral e o titular catastral. A formación e o mantemento do Catastro Inmobiliario e a difusión da información catastral é de competencia exclusiva do Estado, exercida pola Dirección Xeral do Catastro, que ten a superior función de coordinación de valores e a de aprobación dos relatorios de valores.

Pois ben, o criterio que está aplicándose no caso das centrais térmicas, sen consulta previa algunha ás administracións locais prexudicadas e en manifesto beneficio das empresas propietarias, consiste en eliminar a condición de características especiais e aplicar tan só a condición de urbano na base imponible, tomando como referencia o último relatorio de valores, aplicación que se fará efectiva o 1 de xaneiro do ano seguinte ao que figure na acta de fechamento da central; este criterio ignora todo o proceso de desmantelamento das instalacións, que oscila entre o período de tres anos establecido nas autorizacións de fechamento e o descrito nos estudos de impacto ambiental duns cinco anos, aos que deberían de engadirse un ou dous anos máis necesarios para a actuación sobre os chans contaminados e clausuras de posibles entulleiras, todo iso antes de asignar un novo uso aos devanditos terreos, normalmente industrial para o asentamento de novos proxectos que minoren as afeccións socioeconómicas e laborais negativas do chamado proceso de Transición Xusta.

É dicir, tomando de novo como exemplo o caso concreto das Pontes, estamos a falar de eliminar por completo, por criterio unilateral da Dirección Xeral do Catastro, a opción de ingreso municipal, público por tanto, duns 14 millóns de euros, cantidade que deixan de pagar as empresas, privadas -ou non públicas españolas, para mellor concreción- todas elas.



Pois ben, acreditada a perda de ingresos dos municipios afectados polos fechamentos das centrais térmicas de carbón a causa políticas estatais, anunciadas y aplicadas sen planificación algunha, do PNIEC 2021-2030 e do mercado dos dereitos de emisións de CO2 e posteriores coa aplicación do criterio impositivo regresivo do catastro, entendemos necesario e obrigado establecer as oportunas compensacións, que deben ser tamén estatais.

Para iso é posíbel enunciar algunha referencia, como a formulada con motivo da reforma do IAE contemplada no, por entón, Proxecto de Lei de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, que motivou o acordo de novembro de 2002 entre o goberno e a FEMP sobre o novo sistema de financiamento das facendas locais, en concreto o de compensación pola supresión do IAE, coa finalidade de preservar o principio de suficiencia financeira das entidades locais e previr a posíbel diminución de ingresos que puidesen experimentar, perdas que, no caso que nos ocupa do fechamento anticipado e non planificado das centrais térmicas, está cuantificado por cada unha das administracións locais afectadas.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Ten o Goberno cuantificado, analizado e valorado a diminución de ingresos nas facendas locais dos concellos e entidades locais pola redución da recadación nos impostos municipais despois do fechamento das centrais térmicas de carbón?
2. Entra dentro das previsións do Goberno adoptar algunha medida para preservar o principio de suficiencia financeira?
3. Negociará o Goberno cos Concellos afectados polo fechamento de centrais térmicas de carbón para aplicar, de forma urxente, un mecanismo de compensación da perda de recadación municipal, cando menos, en concepto de IAE e IBI-BICES, producida polo fechamento das centrais térmicas?

Madrid, a 31 de agosto de 2023



Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la preservación del principio de suficiencia financiera de las entidades locales afectadas por el cierre de centrales térmicas de carbón.**

El borrador inicial del Plan Nacional Integrado de Energía y Clima 2021-2030 (PNIEC), que establece objetivos, políticas y medidas para, según el Gobierno del Estado, alcanzar la neutralidad climática antes de 2050, inició el período de consulta pública el 22 de febrero de 2019, fecha en la que también se presentó en la Comisión Europea para su evaluación, organismo que publicó sus recomendaciones en junio del mismo año.

Para el llamado Escenario Objetivo 2030, el citado documento establecía una evolución de la potencia instalada para la generación de electricidad mediante carbón que partía de los 11.311MW de 2015, 10.524MW de 2020, 4.532MW de 2025, hasta los 0MW para 2030 (en realidad, para dicho año figuraba un intervalo 0-1.300MW, aunque el último dato no se consideraba en el cómputo total), evolución que intensificó su previsión decreciente en la versión final resultado del Acuerdo del Consejo de Ministros de 16 de marzo de 2021 y recogido en la Resolución de 25 de marzo de 2021, conjunta de la Dirección General de Política Energética y Minas y de la Oficina Española de Cambio Climático, publicada en el BOE del 31 de marzo de 2021, fijando un objetivo para 2025 de 2.165MW, casi coincidente con los 2.061MW actuales.



En el citado texto se hace referencia a la “pérdida sustancial del peso del carbón en la generación eléctrica en el período del Plan”, y se afirma que “Nueve de las quince centrales térmicas de carbón existentes en la actualidad (2019) no estarán posiblemente operativas al inicio del Plan en 2021(...). Es decir, se prevé que al inicio del Plan sigan activas seis centrales de carbón”. Los datos publicados por REE indican una reducción porcentual a la tercera parte, del 9,6% al 2,8%, en la potencia instalada de centrales térmicas de carbón a respecto del total estatal entre el 2018 y el 2023, mientras que en referencia al total de la generación eléctrica en el mismo período temporal, la aportación del carbón se redujo a la décima parte, del 14,3% al 1,5%, con apenas tres centrales termoeléctricas en 2024, dos en Asturias propiedad de EDP (en proceso de conversión a hidrógeno) y una de Endesa en las Illes Balears (con limitación en horas de funcionamiento anual), que representan el 1,7% de la potencia instalada y aportan al mix de generación eléctrica algo menos del 1%.

También en el documento se aportan las causas del cierre de las centrales de carbón, al afirmar que “antes de 2030 las centrales térmicas de carbón dejarán de ser competitivas dado el aumento previsto en el precio de la tonelada de CO₂ en el sistema europeo de comercio de emisiones (35 €/t - 24,84 €/t medio anual 2019, no 2023 83,50 €/t, con máximos mensuales 91,82 €/t en febrero de 2023-), la continua reducción de costes en las tecnologías renovables para la generación eléctrica y el precio relativo del gas”. Es evidente, por tanto, que las causas que motivaron y derivaron en el cierre anticipado, no planificado y caótico, son de origen político, diseñadas -directa o indirectamente- y aplicadas desde el Estado.

Y sus consecuencias y efectos socioeconómicos y laborales negativos en las zonas de Andalucía, Aragón, Asturias, Castilla y León, Castilla-La Mancha, Catalunya, Euskadi, Galiza, e Illes Balears con centrales térmicas, también eran previsibles, como reconoce el PNIEC al establecer que “En todo caso, la transición en el sector tendrá que ir acompañada de medidas de apoyo a las



comarcas afectadas para asegurar que el proceso se desarrolla de forma justa y solidaria”.

Ante la no disponibilidad de un estudio global de tales efectos, y por el conocimiento directo del territorio, citamos algunas de las conclusiones del estudio sobre el “Impacto Socioeconómico en As Pontes de la Descarbonización Energética”, elaborado para el Concello de As Pontes en marzo de 2021 por un equipo de investigación de la Universidade da Coruña. Para las personas investigadoras, en términos de empleo, el cierre de la central térmica significa la pérdida de 1.178 puestos de trabajo ocupados por residentes en el municipio (en cifras de 2018, últimos datos estadísticos disponibles en el momento de elaboración del estudio, y coetáneo con el informe de impacto de Endesa), a los que deberían de sumarse 299 del resto de la zona de influencia, con un resultado total de 1.477; detalla el estudio que apenas un 33% de la población activa residente conservaría su empleo en la localidad, un 34% pasarían a encontrarse sin empleo, y el restante 33% estarían trabajando fuera de la localidad, con un 285% de aumento del paro registrado local. Tal pérdida de empleo significaría la pérdida de 67 millones de euros anuales en términos de Valor Añadido Bruto, de los que 34 millones serían en concepto de pérdidas salariales y otros 33 millones en rentas de la propiedad y de la empresa.

Con respecto a la pérdida de ingresos municipales derivados del cierre, son dos los conceptos cuantitativamente más importantes, en concreto los derivados de la aplicación de los impuestos de Actividades Económicas (IAE) y de los Bienes Inmuebles Urbanos de Características Especiales (IBI-BICES). Acudiendo de nuevo a los datos de As Pontes como referencia, en un reciente informe técnico del área económica municipal se cuantifica en unos 670.000 €/año (42% del concepto impositivo) la disminución en concepto de ingresos por el primero, y en unos 2 millones (27%) anuales para el segundo. En el caso del IAE la disminución puede ser gradual e intermitente, dependiendo de las características técnicas de la central y de la estrategia empresarial de la



propietaria (en el caso de As Pontes, la mitad de la pérdida se produce desde el 2021, mientras que la otra mitad se reparte entre el 2022 y parte del 2023).

Situación diferente es la del IBI, impuesto cuyo censo analítico es un registro administrativo, el Catastro Inmobiliario -regulado por el Real Decreto Legislativo 1/2004-, en el que se describen los bienes inmuebles rústicos, urbanos y de características especiales, que comprende sus características físicas, económicas y jurídicas, entre las que se encuentran la localización y la referencia catastral, la superficie, el uso o destino, la clase de cultivo o aprovechamiento, la calidad de las construcciones, la representación gráfica, el valor catastral y el titular catastral. La formación y el mantenimiento del Catastro Inmobiliario y la difusión de la información catastral es de competencia exclusiva del Estado, ejercida por la Dirección General del Catastro, que tiene la superior función de coordinación de valores y la de aprobación de las ponencias de valores.

Pues bien, el criterio que está se está aplicando en el caso de las centrales térmicas, sin consulta previa alguna a las administraciones locales perjudicadas y en manifiesto beneficio de las empresas propietarias, consiste en eliminar la condición de características especiales y aplicar tan sólo la condición de urbano en la base imponible, tomando como referencia la última ponencia de valores, aplicación que se hará efectiva el 1 de enero del año siguiente al que figure en el acta de cierre de la central; este criterio ignora todo el proceso de desmantelamiento de las instalaciones, que oscila entre el período de tres años establecido en las autorizaciones de cierre y el descrito en los estudios de impacto ambiental de unos cinco años, a los que deberían de añadirse uno o dos años más necesarios para la actuación sobre los suelos contaminados y clausuras de posibles vertederos, todo ello antes de asignar un nuevo uso a dichos terrenos, normalmente industrial para el asentamiento de nuevos proyectos que minoren las afecciones socioeconómicas y laborales negativas del llamado proceso de Transición Justa.



Es decir, tomando de nuevo como ejemplo el caso concreto de As Pontes, estamos hablando de eliminar por completo, por criterio unilateral de la Dirección General del Catastro, la opción de ingreso municipal, público por lo tanto, de unos 14 millones de euros, cantidad que dejan de pagar las empresas, privadas -o no públicas españolas, para mejor concreción- todas ellas.

Pues bien, acreditada la pérdida de ingresos de los municipios afectados por los cierres de las centrales térmicas de carbón en causas políticas estatales, anunciadas y aplicadas sin planificación alguna, del PNIEC 2021-2030 y del mercado de los derechos de emisiones de CO₂, y posteriores con la aplicación del criterio impositivo regresivo del catastro, entendemos necesario y obligado establecer las oportunas compensaciones, que deben ser también estatales.

Para ello es posible enunciar alguna referencia, como la implementada con motivo de la reforma del IAE contemplada en el por entonces Proyecto de Ley de reforma de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales, que motivó el acuerdo de noviembre de 2002 entre el gobierno y la FEMP sobre el nuevo sistema de financiación de las haciendas locales, en concreto el de compensación por la supresión del IAE, con la finalidad de preservar el principio de suficiencia financiera de las entidades locales y prevenir la posible merma de ingresos que pudieran experimentar, pérdidas que, en el caso que nos ocupa del cierre anticipado y no planificado de las centrales térmicas, está cuantificado por cada una de las administraciones locales afectadas.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Tiene el Gobierno cuantificado, analizado y valorado la disminución de ingresos en las haciendas locales de los concellos y entidades locales por la reducción de la recaudación en los impuestos municipales después del cierre de las centrales térmicas de carbón?



2. ¿Entra dentro de las previsiones del Gobierno adoptar alguna medida para preservar el principio de suficiencia financiera?
3. ¿Negociará el Gobierno con los Concellos afectados por el cierre de centrales térmicas de carbón para aplicar, de forma urgente, un mecanismo de compensación de la pérdida de recaudación municipal, cuando menos, en concepto de IAE y IBI-BICES, producida por el cierre de las centrales térmicas?

Madrid, a 12 de febrero de 2023

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso